

MARZO 2023

NIGRÁN

Teatro
do Ar

SOMOSTERRA

MES DA NATUREZA DE NIGRÁN

Sábado 4. 11.30 h. Auditorio Municipal
Obradoiros gratuítos de teatro e natureza

Xoves 9. 17.00 h. Horta municipal de Ramallosa
Xornada de traballo na horta

Domingo 12. 11.00 h. Camos
Ruta teatralizada polos muíños de Camos

Martes 14. 17.00 h. Horta municipal de Ramallosa
Obradoiro de teatro gratuítu

Sábado 18. 19.00 h. Auditorio Municipal
Entrega de premios Certame "Ollo con Nigrán"
Información de cada actividade nas redes sociais do Concello, Teatro do Ar e Somos Terra


Domingo 19. 11.00 h. Castro de Chandebrito
Ruta teatralizada polo Parque da Memoria e o Castro

Xoves 23. 17.00 h. Horta municipal de Nigrán
Xornada de traballo na horta

Sábado 25. 16.00 - 19.00 h. Auditorio Municipal
Taller economía local, mesa redonda e conferencia
"Restauración de ecosistemas en climas desérticos"
de Alexandre Pereira

Domingo 26. 19.00 h. Auditorio Municipal
Estrea da obra "Chao" por Teatro do Ar

Martes 28. 17.00 h. Horta municipal de Nigrán
Obradoiro de teatro gratuítu



TODAS AS ACTIVIDADES SON GRATUÍTAS

[INSCRÍBETE AQUI](#)

Obradoiros de horta

O xoves 9 de marzo todas as persoas que o desexen poderán iniciarse no traballo na terra cunhas xornadas abertas na horta municipal de Ramallosa ás 17.00 horas.

A horta de Nigrán, no parque Vázquez Grela, tamén acollerá as xornadas de traballo na terra o xoves 23 ás 17.00 horas.



Obradoiros de teatro

A horta municipal de Ramallosa acollerá o martes 14 ás 17.00 horas unhas clases de teatro abertas que utilizarán o espazo como un escenario

A horta de Nigrán, no parque Vázquez Grela, tamén acollerá as mesmas xornadas o martes 28 ás cinco da tarde.



Taller de teatro e natureza

O sábado 4 de marzo ás 11.30 horas no Auditorio Municipal hai unhas xornadas de natureza e teatro para os máis pequenos e pequenas. Todos os nenos e nenas de Nigrán poderán asistir e participar en varios talleres de xogos con natureza, pintacaras e improvisación para aprender xogando.



Rutas teatralizadas

INSCRÍBETE AQUI

Coñecer o espazo natural de Nigrán é outro dos obxectivos do Mes da Natureza. Haberá dúas rutas teatralizadas: unha polos muíños de Camos con saída o domingo 12 ás 11.00 horas no que se poderá ver a actividade agraria histórica da parroquia á beira do río Muíños.



A outra ruta será polo Parque da Memoria e o Castro de Chandebrito no que se lembrarán os incendios, estudárase a xestión forestal e a vida castrexa. Será o domingo 19 ás 11.00 horas.



Xornadas de economía local

O sábado 25 de marzo o Auditorio Municipal acollerá unhas xornadas adicadas á formar e dar voz ao tecido sostible e económico de Nigrán. Comezarán ás 16.00 cun obradoiro aberto ao público no que traballar distintos aspectos para coñecer hábitos de consumo consciente e traballar no comercio local con sustentabilidade, ás 17.00 h haberá unha mesa redonda na que empresas como Trisk-Ale ou Ertha Surfboard falarán da súa experiencia emprendendo en Nigrán e ás 18.00 h será a quenda da charla “Restauración de ecosistemas en climas desérticos”, da man do nigranés que está a reforestar o Sáhara, Alexandre Pereira.



Estrea da obra de teatro "Chao"

O domingo 26 ás 19.00 no Auditorio Municipal, Teatro do Ar estreará a súa nova obra "Chao", unha peza que reflexiona sobre o abandono rural e as memorias que desaparecen cos lumes que se apagan no fogar.



Certame Ollo con Nigrán

O sábado 18 será a entrega de premios do certame "Ollo con Nigrán", un concurso de vídeo onde se difunde a natureza do concello con 1.000 euros en premios destinados a consumir no comercio local.

GRAVANDO

CONCURSO VÍDEO - LITERARIO

OLLO CON NIGRÁN

- UN VÍDEO DE MÁXIMO 120 SEGUNDOS GRAVADO NA NATUREZA DE NIGRÁN (PODE SER UN CONTO, UN POEMA OU UN MICRORRELATO)
- 1.000 EUROS EN PREMIOS PARA GASTAR NO NOSO COMERCIO LOCAL
- INSCRIPCIÓNS ABERTAS ATA O DOMINGO 5 DE MARZO
- NOVE PREMIOS REPARTIDOS EN TRES CATEGORÍAS (PRIMARIA, ESO E BACHARELATO E ADULTOS)
- PARA MÁIS INFORMACIÓN CONSULTA CON TEATRO DO AR OU SOMOSTERRA

INSCRIPCIÓN

FAI UN VÍDEO DE MENOS DE 120 SEGUNDOS ONDE CONTES UN CONTO, RECITES UN POEMA OU UN MICRORRELATO E VEXAMOS ALGÚN ESPAZO NATURAL DE NIGRÁN.

OS TEXTOS DEBEN SER ORIXINAIS E A SÚA AUTORA OU AUTOR DEBE SER MEMBRO DO EQUIPO QUE PRODUZA O VÍDEO. TODO DEBE SER GRAVADO NA NATUREZA DO CONCELLO.

CATEGORÍAS E PREMIOS

CATEGORÍA ESTELAS	NENOS E NENAS DE NIGRÁN NADAS NO ANO 2011 OU POSTERIORES		
	OURO	PRATA	BRONCE
	100 €	75 €	50 €
	EN VALES PARA GASTAR NO COMERCIO DO VAL DE MIÑOR		

CATEGORÍA LOURIDO	MOZOS E MOZAS DE NIGRÁN NADAS ENTRE O ANO 2005 E 2010		
	OURO	PRATA	BRONCE
	100 €	75 €	50 €
	EN VALES PARA GASTAR NO COMERCIO DO VAL DE MIÑOR		

CATEGORÍA MONTEFERRO	PESOAS NADAS ANTES DO ANO DO 2005		
	OURO	PRATA	BRONCE
	200 €	100 €	50 €
	EN VALES PARA GASTAR NO COMERCIO DO VAL DE MIÑOR		

Ademais, a organización entregará un premio de 200 euros para gastar en comercio local ao colexio ou instituto que aporte máis participantes.

PARA MÁIS INFORMACIÓN



grupoteatroar@gmail.com
cooperativa@somosterra.gal



667 736 645 / 610103712



@teatrodoar
@cooperativasomosterra



Teatro do Ar
Cooperativa Somos Terra



<https://teatrodoar.com/mesdanaturezanigran/>
<https://somosterra.gal/mes-da-natureza-de-nigran/>

